



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA UNIVERSIDADE SÉNIOR NO EXERCICIO 2024.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

#### DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto facilitar a consolidación da Universidade Sénior, que é unha oferta de estudos para aquel sector da sociedade maior que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inxerencias formativas e intereses culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade da Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade da Coruña é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a lei. Está estruturada nos campus da Coruña e de Ferrol. No ámbito das súas competencias correspóndelle o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden con este convenio.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que expidan títulos universitarios e que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ó ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto Decreto 124/2022, do 23 de xuño, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e





queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

